

O impacto da COVID-19 na educación: unha análise sobre a fenda dixital na realidade das familias galegas

Sara Parga Pérez, estudante do Máster Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario da Universidade de Compostela. Correo electrónico: sarapargaperez@gmail.com

3. Resumo

A presente investigación desenvólvese nun contexto de pandemia, circunstancia que pon de manifesto a vulnerabilidade na que se atopan a certas familias, así como a fraxilidade do propio Sistema Educativo á hora de outorgar solucións e contribuír a unha verdadeira equidade social. Por tanto, o obxectivo fundamental deste traballo é analizar a implicación educativa das familias nunha situación sanitaria de emerxencia, en prol de coñecer as súas experiencias durante o confinamento en relación á educación das súas crianzas. Así mesmo, faise especial fincapé naquelas de ámbito rural, tratando de coñecer se estas se atopan en desvantaxe con respecto ás do urbano; coa mirada posta nas posibilidades de mellora.

Partindo disto, realízase un estudo de corte cualitativo e descritivo cunha mostra de dez familias, cinco que habitan no ámbito rural e outras cinco no ámbito urbano. Presupoñemos que as súas necesidades son diferentes debido ao seu lugar de residencia. Cómpre destacar que só participan nais, sendo outorgada previamente a posibilidade a ambas partes do núcleo familiar.

Tras a recollida de información, estúdanse os discursos mediante a técnica de análise de contido e escóllense catro categorías para interpretar as entrevistas: as dificultades experimentadas, a relación familia-escola, os recursos dispoñibles e, por último, as perspectivas, expectativas e propostas de mellora. Todas as categorías abórdanse tendo en conta o contexto da pandemia a nivel socioeducativo.

Con respecto ao obxectivo xeral e á conclusión principal do traballo, os resultados mostran que as familias cun nivel socioeducativo e económico baixo son máis vulnerables, sen depender exclusivamente do lugar de residencia. A pesares disto, confírmase que vivir nunha localidade rural incrementa as posibilidades de contar con malas conexións á rede, por tanto, sufrir a fenda dixital.

A pesares de que o conxunto dos resultados resulta de gran interese, centraremos a nosa comunicación no relativo a unha das dificultades maioritarias no discurso das nais entrevistadas: aquelas relativas ao acceso (internet e material), é dicir, a coñecida como *fenda dixital*.

No primeiro caso, referido aos problemas de acceso por mor da conexión a Internet, obsérvase como as familias que os padecen (40%) habitan no rural (3 nais) fronte ao urbano (1 nai). Ao longo do traballo evidenciase como a fenda dixital de primeiro nivel, aquela relativa ao acceso, é moi salientable entre as cidades e os municipios rurais galegos. É dicir, vai en aumento de xeito lineal segundo diminúe o grado de urbanización. A pesares disto, todas as nais coinciden en que nas aulas das súas crianzas existe -polo menos- unha persoa residente no rural que tivo grandes dificultades para poder conectarse ás clases online, desempeñar tarefas, etc.

Por outra parte, o acceso aos materiais -especificamente o ordenador- supón unha gran dificultade para un gran número de familias (50%). Observamos que existe unha correlación con varios factores. En primeiro lugar, o factor diferencial atópase na posibilidade de ter ou non un ordenador proporcionado polo propio colexio. Existen moitos centros que contan co actual proxecto *E-Dixgal*. Dentro desta variable, non inflúe tanto a situación xeográfica familiar senón o nivel socioeconómico.

Desta maneira, podemos observar que existen catro familias que teñen garantido un ordenador por parte do colexio; situación na que dúas delas (nais 2 e 5) contan cun nivel socioeconómico baixo, mais teñen garantido o acceso a nivel material. Pola contra, observamos que se dan casos onde toda a familia comparte un único ordenador (nai 3, 5 e 7). Incluso, nun dos casos (nai 5) trátase do ordenador do colexio do irmá maior, único xeito de garantir o acceso. Asemade, outras familias (nais 8 e 9) vense na obriga de mercar un ordenador porque non contan co do colexio. Esta situación evidencia a gran necesidade de universalización deste tipo de proxectos.

A Xunta de Galicia ten planificado incorporar, o vindeiro curso 2021/2022, o programa *E-Dixgal* a 81 novos centros, elevando o número de participantes a 551. Aínda así, na actualidade existen 1378 centros de ensinanzas non universitarias en Galicia. Por tanto, corrobórase a insuficiencia e a necesidade dunha readaptación e implementación urxente e global.

A COVID-19 ven a facer evidentes moitas das carencias do noso Sistema Educativo. O cambio debe partir das necesidades das principais afectadas, tendo en consideración as situacións de vulnerabilidade que afrontan diariamente as familias e crianzas. De non romper todas as barreiras relativas ao propio acceso (en termos de conexión e de material), a superación das situacións de desigualdade é unha quimera.